

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO EXTRAORDINARIO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN OURENSE O 29 DE AGOSTO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 e se autorizan as consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático, de Economía e Industria, de Facenda e Administración Pública, de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e do Medio Rural á publicación das correspondentes convocatorias.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre medidas fiscais que se adoptarán como consecuencia dos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE ESTE MESMO LUNS XA PODERÁN SOLICITARSE AS AXUDAS DA XUNTA PARA A RECONSTRUCCIÓN DAS ZONAS AFECTADAS POLOS INCENDIOS

- Asegura que “todos as persoas con dereito ás axudas van recibilas”, sen límite de importe total
- Habilitaranse indemnizacións por danos físicos a consecuencia dos lumes que chegarán aos 87.700 € no caso de falecemento
- Os propietarios de vivendas afectadas poderán recibir ata 132.000 € para a súa rehabilitación no caso de ser o domicilio habitual e ata 66.000 € para segundas residencias
- Tamén haberá achegas de entre 3.300 € e 16.200 € para repoñer o mobiliario ou os utensilios domésticos
- O Consello aproba medidas específicas para paliar as perdas na colleita de viticultores e produtores de castaña e resto de produción agrícola ou a morte de gando e abellas
- Os titulares de establecementos comerciais, industriais e turísticos afectados poderán recibir ata 600.000 € en axudas, salvo en casos excepcionais nos que poderá ampliarse ata un máximo de 1,5 millóns de euros
- A Xunta colaborará cos concellos na reparación de instalacións municipais e servizos afectados, así como nos gastos incorridos nos labores de extinción ou pola evacuación dos veciños
- O Goberno autonómico poñerá en marcha medidas de alivio fiscal para os afectados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Goberno autonómico aprobou hoxe nun Consello extraordinario un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas en Galicia pola vaga de lumes forestais deste verán. Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

Rueda salientou que o obxectivo da Xunta é chegar ao máximo número de beneficiarios. “Todas as persoas que teñan dereito ás axudas van recibilas, sen límite de importe total”, explicou para adiantar que estes apoios económicos saíran publicados mañá no *Diario Oficial de Galicia* “e poderán solicitarse de forma inmediata” desde o vindeiro luns, 1 de setembro.

O presidente autonómico resaltou que para a Xunta é unha prioridade que “a reconstrución sexa o máis rápida posible” e pediu premura ao Goberno central á hora de convocar as súas achegas para os afectados polos lumes en Galicia. Nesta liña, lembrou que as axudas hoxe aprobadas en Consello serán compatibles coas do Executivo estatal sempre que a suma total dos fondos non supere o total do dano feito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para axilizar e resolver dúbidas sobre a tramitación destas achegas, Galicia contará desde o vindeiro luns con 16 oficinas de atención aos afectados polos incendios nas que traballarán medio centenar de empregados públicos. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado.

Indemnizacións por danos físicos ás persoas

Tal e como explicou Rueda, o Goberno galego habilitou axudas en relación cos danos persoais causados polos incendios. No caso de falecemento ou incapacidade permanente absoluta, a contía será de 87.700 € e no caso de lesións que motiven o ingreso hospitalario da persoa ferida, a axuda recibida será de 120 € por día de hospitalización. O prazo de solicitude será dun mes que contará desde o día do falecemento, da declaración da incapacidade permanente absoluta ou da alta hospitalaria.

Apoio á reconstrución de vivendas

O paquete de medidas aprobado hoxe no Consello extraordinario inclúe apoios para a reconstrución das vivendas que sufriron danos a consecuencia dos incendios, con diferentes contías en función de se o inmovible afectado era o domicilio habitual ou unha segunda residencia.

Rueda resaltou que, no caso das vivendas de uso habitual ou permanente, os propietarios poderán recibir ata 132.000 € para a súa rehabilitación ou para a súa reconstrución ou adquirir unha nova vivenda se o inmovible fose declarado ruinoso. Do mesmo xeito, haberá axudas para renovar o enxoval doméstico con contías de ata 16.200 €.

Cando se trate da segunda residencia, os titulares terán dereito a axudas de ata 66.000 € para a rehabilitación ou a reconstrución da mesma. Ademais poderán recibir ata 5.400 € para mobles e utensilios domésticos.

Quedan fóra destas achegas aquelas casas que estivesen abandonadas no momento de producírense os lumes.

Ademais, os afectados polos incendios tamén poderán beneficiarse de axudas complementarias para o realoxo mentres se rehabilitan as vivendas danadas sempre que fose domicilio habitual do solicita. Por unha parte, a través das medidas derivadas dos convenios e acordos con concellos e entidades de apoio a estes veciños e, por outra, co acceso ao Bono alugueiro social. Neste caso, os afectados poderán recibir ata o 100 % da renda do alugueiro -sempre que non superen os límites fixados por concellos que rexen nas bases deste Bono- e unha achega extra de 600 euros para sufragar os gastos do aloxamento provisional, do transporte ou da mudanza.

As achegas de Vivenda poderán solicitarse desde o vindeiro luns e ata o 28 de novembro.

Explotacións agrogandeiras e forestais

O presidente tamén anunciou a posta en marcha de "oito liñas de axudas para apoiar as explotacións agrícolas, gandeiras e forestais das zonas dos incendios". Todas elas cubrirán o 100 % do investimento, cun límite máximo en función do tipo de axuda que nalgúns casos pode chegar aos 200.000 euros por persoa, ben que unha mesma persoa poderá solicitar unha ou varias liñas de axuda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso das explotacións agrogandeiras e co obxectivo de chegar ao maior número posible de beneficiarios, a Xunta vai favorecer a flexibilidade nos trámites.

Os titulares poderán solicitar axudas para a reparación de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción das explotacións. No caso de que quedasen inutilizados, poderían ser substituídos por maquinaria nova ou de segunda man. A contía máxima será de 200.000 euros/persoa. Ademais habilitase unha achega para a adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas superviventes nas zonas afectadas, para un período máximo de 6 meses. A contía máxima será de 15.000 euros/persoa.

A Xunta tamén indemnizará os gandeiros e agricultores por perdas na produción ou animais. No primeiro caso, haberá achegas de 12.700 €/hectárea para os produtores de viño, de 1,22 €/quilo para os de castaña, a indemnización pola perda de forraxe calcularase en función do estado (sen recoller, pacas, ensilado) e no resto de produtos serán con base nos valores dos prezos establecidos na liña de seguros agrarios. En canto, ás axudas para paliar a morte de gando ou abellas estimaranse segundo o tipo de especie e a idade do animal. No caso do gando bovino, establécese un máximo de 1.600 euros por animal maior ou igual a 18 meses e menor de 120.

Tal e como explicou Rueda, habilitaranse ademais outras catro liña de axudas para reparar os danos nas explotacións forestais. A Xunta dará ata 15.000 € para a reparación dos danos causados a infraestruturas de titularidade privada como pistas forestais, captacións de augas, cerramentos, bebedoiros ou comedeiros. Poderá recibirse un máximo de 50.000 € para a reparación da maquinaria e equipamento forestal danados en tarefas de colaboración na extinción dos incendios forestais ou ocasionados por estes. No caso de que quedasen inutilizados poderán ser substituídos por maquinaria nova ou de segunda man. Ademais, haberá axudas para os gastos da madeira amoreada queimada e de corta, recollida e estelado da madeira queimada non comercial ou traballos de sinalamento, cubicación e/ou taxación de madeira comercial en montes de xestión pública cun máximo de 50.000 € por persoa e ata 100.000 € para plantacións substitutorias.

O prazo de solicitude será dun mes desde o vindeiro luns.

Achegas para os centros produtivos e negocios afectados

Pola súa banda, a Xunta tamén impulsa unha liña de axudas directas para apoiar as empresas afectadas pola vaga de incendios. A determinación do importe total das axudas efectuarase unha vez que sexan resoltas as solicitudes presentadas atendendo ao carácter extraordinario destas e á súa natureza de concesión directa e non competitiva.

As subvencións permitirán cubrir ata o 100 % dos danos producidos, conforme a valoración recollida nun informe de taxación, cun límite de 600.000 euros por beneficiario. De xeito excepcional, e atendendo á gravidade dos danos e ao seu impacto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

socioeconómico, a contía poderá ampliarse ata un máximo de 1,5 millóns de euros, especialmente cando estea en risco o mantemento do emprego.

A convocatoria abrangue os danos ocasionados en edificacións, instalacións, maquinaria, mercadorías ou vehículos comerciais e industriais asociados á actividade. Non serán obxecto desta liña as explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

As axudas terán carácter subsidiario e complementario, polo que serán compatibles con outras indemnizacións públicas ou privadas, sempre que a suma total non supere o 100 % dos danos. Ademais, os beneficiarios deberán comprometerse a manter a actividade afectada durante polo menos un ano a partir da concesión da axuda, prazo que se estenderá a tres anos no caso de recibir unha achega superior aos 600.000 euros.

Con esta medida o Goberno galego busca dar unha resposta rápida e eficaz ao impacto económico da vaga de lumes, mostrando o seu compromiso co tecido empresarial galego e coa recuperación das zonas máis afectadas. O prazo de solicitude abrirase o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* e permanecerá aberto durante un mes.

Ademais, o presidente da Xunta anunciou que o Goberno autonómico vai iniciar unha serie de reunións cos establecementos turísticos afectados por cancelacións ou perda de produtos para avaliar os danos e convocar unha liña de axudas específica para apoiar ao sector.

Colaboración cos concellos

No decreto aprobado hoxe, a Xunta tamén establece axudas a entidades locais para facer fronte aos gastos derivados das actuacións realizadas como consecuencia dos incendios, así como polos danos ocasionados en bens de titularidade municipal. Tal e como explicou Rueda, estas achegas determinaranse a través de convenios de colaboración cos concellos para colaborar nos seus gastos de obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, así como de adquisición de material para a reposición dos servizos afectados.

Estas axudas tamén cubrirán os custos de limpeza e restauración ambiental ou de alugueiro, combustible e reparación de maquinaria e vehículos. Ademais, financiaranse os gastos de traslado, aloxamento e mantemento da poboación evacuada ou do persoal, tanto propio como dos efectivos do operativo de extinción, que o concello tivese que asumir. Como novidade, respecto á orde de axudas publicada en 2022 polo mesmo motivo, inclúense entre as actuacións subvencionables o resarcimento dos gastos en que incorresen os veciños pola súa colaboración na extinción.

Achegas a Tecores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, poranse á disposición dos titulares de infraestruturas de uso público afectadas polo lume na Rede galega de espazos protexidos e as Reservas de biosfera axudas económicas para cubrir ata o 100 % dos custos de restauración, cun importe máximo de 20.000 euros por proxecto en caso de que a titularidade sexa dun monte veciñal en man común e de 40.000 euros se o beneficiario é un concello.

As actuacións subvencionables con cargo a esta orde inclúen a reposición ou reparación de elementos estruturais de sendas e rutas sinalizadas, entre eles sinais, miradoiros, varandas de madeira e tramos de pasarelas do mesmo material; de distintas infraestruturas e instalacións de interpretación do medio natural, como carteis e outros, e de elementos de áreas recreativas localizadas en espazos protexidos.

Ademais, convocará unha segunda orde de axudas para compensar os titulares de terreos cinexeticamente ordenados (tecores) afectados polos incendios forestais deste verán en Galicia.

Con estas achegas cubriranse gastos de sementeira de cereais (ata 650 euros por hectárea, cun límite máximo por entidade de 30.000 euros), que serven de alimento á fauna silvestre e contribúen a restaurar tanto os hábitats cinexéticos como os solos afectados, e tamén actuacións de recuperación, reparación e reposición de infraestruturas ou instalacións (refuxios, fontes, bebedoiros e comedeiros para animais, cercados, tobeiras etc.) destruídas ou danadas polo lume, cun importe máximo de 12.000 euros por solicitante.

Os beneficiarios poderán solicitar o anticipo do 100 % da axuda concedida sen necesidade de prestar garantía (é dicir, sen ter que formalizar un aval ou fianza), unha medida excepcional que se adopta neste caso para facilitar e axilizar o acceso dos afectados aos fondos mobilizados pola Xunta. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes desde a publicación de ambas convocatorias no DOG e os beneficiarios poderán xustificar as actuacións subvencionables ata o 30 de outubro de 2026.

Alivios fiscais para os cidadáns afectados polos lumes

Máis aló das axudas directas, o presidente anunciou “varias iniciativas a nivel administrativo para paliar os efectos dos lumes na cidadanía”. Por unha parte, a Xunta facilitará o cumprimento das obrigas tributarias ás persoas con domicilio fiscal nos concellos afectados polos incendios forestais, ou que, sen ter domicilio fiscal nos concellos afectados, tiveran un establecemento comercial, industrial, turístico ou mercantil ou explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras radicadas neles. Así, ampliaranse os prazos que non estiveran vencidos no inicio dos incendios para a presentación e o ingreso de declaracións, autoliquidacións e documentación complementaria dos impostos aplicados pola Atriga (sucesións, doazóns, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, compravenda de vehículos e os impostos propios) e para solicitar a prórroga para a presentación da autoliquidación do imposto de sucesións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, aliviará as cargas fiscais, aprobando medidas nunha lei que se aplicará de xeito retroactivo, como eximir a carga impositiva da auga utilizada como consecuencia dos incendios (canon da auga e canon de xestión de depuradoras) ou as taxas asociadas ás tramitacións autonómicas que deban realizarse como consecuencia dos incendios, derivados da perda de vehículos ou da vivenda.

Por outra banda, a Xunta vai exixir ao Goberno central que reduza ou exima dos pagamentos dos impostos tal e como establece a Lei coa declaración de zonas catastróficas. No caso de que no Estado non leve a cabo estas accións, será a Xunta a que adopte estas medidas dentro das súas competencias.

Balance dos incendios na comunidade

Durante a súa intervención, Rueda indicou que Galicia rexistrou 666 focos de lumes só durante o mes de agosto que afectaron un total de 62 concellos e provocaron a evacuación de aproximadamente 400 persoas e o confinamento doutras 2.200. Nesta liña, Rueda lembrou que a Xunta sempre priorizou a seguridade das persoas e actuou con prevención reservando 200 prazas en novas localizacións da provincia de Ourense para trasladar os usuarios de residencias de maiores ou centros de persoas con discapacidade que fose preciso -realizouse a evacuación por seguridade de 90 usuarios- ou co traslado de 170 menores e monitores dun campamento de verán que estaban nunha zona próxima aos lumes.

Ademais, Rueda volveu agradecer o gran labor de todos os profesionais que levan semanas traballando na loita contra o lume en Galicia. Entre eles, 3.000 profesionais do servizo de prevención e extinción; máis de 200 bombeiros, GES e Protección Civil (dato de media ao longo dun día); 343 efectivos das brigadas municipais (dato de media ao longo dun día); 122 axentes medioambientais dependentes da Consellería de Medio Ambiente; Policía Autonómica; membros da UME e doutras unidades do exército ou axentes das diferentes forzas e corpos de seguridade do Estado. En total, máis de 7.000 profesionais de diferentes administracións e organismos.

Medidas urxentes sobre o terreo queimado

Por último, o presidente autonómico salientou que a Xunta xa traballa para poñer en marcha medidas urxentes para actuar sobre os terreos queimados e paliar os posibles efectos da erosión polas choivas ou as escorrentías. Nesta liña, resaltou que mandos militares e membros do servizo de extinción de incendios do Goberno autonómico mantiveron esta mañá unha reunión para definir as necesidades e contar co apoio do exército nestas labores sobre o terreo ardido.